



XUNTA DE GALICIA

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

C.E.I.P. María Pita

c/ Ronda Camilo José Cela nº 2 15008 A Coruña

Tf 981 292 235 Fax 981139599

ceip.maria.pita@edu.xunta.es <http://centros.edu.xunta.es/ceipmariapita/>

EDUCACIÓN INFANTIL

PROGRAMACIÓN DE CICLO

CENTRO: CEIP M^a PITA

CURSO: 2015 - 2016

ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	A CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS DE INFANTIL AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	3
3	OBXECTIVOS DE CICLO	3
4	CONTIDOS DE CICLO	5
4.1	ÁREA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL.....	5
4.2	ÁREA: COÑECEMENTO DO CONTORNO	6
4.3	ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN	7
4.4	AREA ATENCIÓN EDUCATIVA.....	9
4.5	ÁREA DE RELIXIÓN	9
5	CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA O CICLO	9
5.1	ÁREA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL.....	9
5.2	ÁREA: COÑECEMENTO DO CONTORNO	10
5.3	ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN	10
5.4	AREA ATENCIÓN EDUCATIVA.....	11
5.5	ÁREA DE RELIXIÓN	11
6	METODOLOXÍA DIDÁCTICA	11
7	CRITERIOS E RECURSOS DIDÁCTICOS BÁSICOS	12
8	ESPAZOS	13
9	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	13
10	MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTER UNHA AVALIACIÓN POSITIVA	14
11	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	14
12	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	15
13	CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	15
14	CONCRECIÓN DO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC	16
15	CONCRECIÓN DO PLAN DE PLURILINGUIZMO	16
16	CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN	18

1 INTRODUCCIÓN

A presente programación ten como referente Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 23/06/2009).

2 A CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS DE INFANTIL AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A LOE establece oito competencias básicas que o alumnado debe acadar cando remate o ensino obrigatorio. Como sabemos, a etapa da Educación Infantil non ten carácter obrigatorio pero ditas competencias si van estar presentes na programación desta etapa educativa condicionando a metodoloxía educativa da nosa práctica educativa.

Cada unha das tres áreas do currículo de Ed. Infantil inclúe obxectivos que se orientan ao desenvolvemento de distintas competencias básicas e aínda que alguna área está máis vinculada cunha competencia (ex. Área de linguaxes coa competencia lingüística) o certo é que un só obxectivo pode estar relacionado con máis de unha. Esta circunstancia quedará reflectida na presente programación sinalando en cada obxectivo a competencia que pretendemos desenvolver no noso alumnado.

3 OBXECTIVOS DE CICLO

- a) Coñecer o seu propio corpo, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas con atención especial aos compañeiros con déficit auditivo que se integran nas nosas aulas. (AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL E COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ)
- b) Explorar e valorar o seu contorno familiar, natural e social para beneficiarse do que lle ofrece e actuar nel para conservalo e/ou melloralo. (COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO, COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA)

- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais tendo en conta as pautas que rexen a convivencia dentro da aula e do centro. (AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL E COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ)
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas en prol dun alto nivel de autoestima e autoconhecimento que lle permita enfrontarse aos retos que lle impón a escola valorando axeitadamente as súas posibilidades. (COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER, AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL)
- e) Coñecer usos e costumes propios dos compañeiros estranxeiros e/ou doutra etnia que temos nas nosas aulas valorando o enriquecemento que supón. (COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ)
- f) Fomentar na aula os valores democráticos que rexen a vida na nosa sociedade. (COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ)
- g) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguas, linguaxes e formas de expresión e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo. (COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA)
- h) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e recoñecer a súa presenza e utilidade no contorno físico e social. (COMPETENCIA MATEMÁTICA)
- i) Integrar a lingua estranxeira no currículo da Educación Infantil e utilizala como un instrumento que favoreza o desenvolvemento integral dos nenos e nenas. (COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA)
- j) Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como recurso para a aprendizaxe dos contidos das distintas áreas. (TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL)
- k) Integrar a lingua estranxeira (LE) no currículo de EI e utilizala como un dos instrumentos que favorezan o desenvolvemento integral do alumnado. (COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA)
- l) Familiarizarse coas novas formas de comunicación e recoñecer o valor comunicativo das linguas (COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA)
- m) Dar a coñecer a Xesús como amigo de todas as persoas e en especial dos nenos. (Area de relixión. COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA)
- n) Descubrir o valor cristián dalgúns símbolos e tradicións típicas que se desenvolven no contorno social próximo (Nadal, Semana Santa...) (Area de relixión. COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA)

4 CONTIDOS DE CICLO

4.1 ÁREA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Bloque 1: O corpo e a propia imaxe

- Identificación global e segmentaria das características e calidades do propio corpo, así como as semellanzas e diferenzas cos outros.
- Utilización dos sentidos para percibir as propiedades dos obxectos e as sensacións que producen
- Identificación e manifestación de sentimentos, vivencias e intereses propios e dos demais.
- Desenvolvemento da identidade sexual sen os estereotipos expostos no entorno social e nos medios de comunicación, na publicidade moi especialmente.

Bloque 2: Xogo e movemento

- Comprensión, aceptación e valoración das regras de xogos e actividades grupais.
- Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotrices finas e grosas
- Adquisición de nocións básicas de orientación espacial e temporal
- Exploración das súas posibilidades motrices amosando iniciativa para aprender habilidades novas
- Adquisición e desenvolvemento de hábitos de hixiene, alimentación e seguridade persoal.

Bloque 3: A actividade cotiá

- Fomento de hábitos elementais de organización, atención, constancia, iniciativa e esforzo nas distintas actividades.
- Valoración dos elementos que condicionan que as súas produccions se adecúen á demanda
- Planificación secuenciada da súa acción para resolver as tarefas
- Regulación do propio comportamento en función da demanda das tarefas e do comportamento dos iguais

Bloque 4: O coidado persoal e a saúde

- Adquisición e desenvolvemento de hábitos de hixiene, alimentación e seguridade persoal.
- Colaboración no mantemento dos espazos e das instalacións
- Uso axeitado de útiles de traballo e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco

4.2 ÁREA: COÑECEMENTO DO CONTORNO

Bloque 1: Medio físico: elementos, relacións e medida

- Ordenación, comparación e clasificación de obxectos atendendo ás súas características e propiedades.
- Identificación dalgúns formas planas e corpos xeométricos
- Uso dos números en diferentes contextos da aula e do contorno
- Identificación e trazo dos números do 0 ao 9 coa direccionalidade correcta
- Asignación do cardinal correspondente a coleccións de obxectos
- Iniciación á suma e resta na resolución de problemas cotiás
- Interpretación do comportamento dos obxectos en función das súas características físicas
- Aproximación ao concepto de medida a partir da manipulación de diferentes obxectos
- Orientación espacial dos obxectos entre si e respecto de si mesm@
- Aproximación a noción do paso do tempo a partir de feitos da vida cotiá

Bloque 2: Achegamento á natureza

- Recoñecemento das características dalgúns animais e plantas do medio próximo e afastado
- Identificación dos cambios que se producen no ciclo vital dos seres vivos
- Discriminación de comportamentos adecuados e inadecuados para a conservación do medio natural
- Identificación dos cambios producidos no ambiente como consecuencia da intervención humana

- Valoración da importancia da auga e localización da mesma nos seus diferentes estados
- Interpretación das consecuencias dos fenómenos atmosféricos no medio natural (chuvia, calor, neve, vento...)
- Participación na elaboración de pequenos proxectos en torno a dúbidas e cuestións xurdidas no entorno da aula

Bloque 3: Cultura e vida en sociedade

- Descrición de datos relacionados coa súa propia familia.
- Identificación e respecto polos distintos tipos de familias
- Enumeración de distintos servizos comunitarios que facilitan a vida en sociedade
- Diálogo en torno ás normas de comportamento que rexen a vida no centro para valorar a necesidade do seu cumprimento
- Recoñecemento dalgúns signos de identidade cultural galega

4.3 ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Bloque 1: Linguaxe verbal

- Utilización da lingua oral para relatar feitos e expresar ideas e sentimentos.
- Adquisición de novo vocabulario para unha maior precisión nas súas exposicións
- Participación en conversacións colectivas respectando as normas que rexen o intercambio lingüístico e as fórmulas de cortesía socialmente establecidas.
- Recitado de poesías, descubriendo o ritmo, a rima e a mensaxe que transmiten.
- Produción de mensaxes progresivamente máis complexas cunha pronuncia clara e unha entoación axeitada.
- Participación creativa en xogos lingüísticos para divertirse e para aprender.
- Participación en distintas situacións comunicativas en torno a textos de tradición cultural (relatos, refráns, poesías, etc)
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Iniciación ao coñecemento do código escrito a partir de palabras e frases significativas e usuais.

- Identificación das propiedades cuantitativas e cualitativas dos elementos do código escrito
- Uso da lingua escrita en situacións contextualizadas e significativas.
- Valoración da biblioteca como recurso informativo e de disfrute.
- Audición de diferentes tipos de textos literarios en galego e en castelán
- Recitado de poesías, refráns e adiviñas coa entoación correcta.
- Dramatización de textos literarios na que se poñan de manifesto os diferentes tipos de linguaxes
- Expresión de ideas e opinión en torno ás producións literarias coñecidas dentro e fóra da aula
- Comprensión de instrucións simples e vocabulario básico relacionado cos temas tratados na EI (LE)
- Producción de mensaxes curtas de uso cotiá: saudos, peticións, agradecementos (LE)
- Recoñecemento de aspectos culturais propios dos países onde se fala a LE
- Recoñecemento de ritmos musicais propios de cultura dos países onde se fala LE
-

Bloque 2: Linguaxes artísticas: Plástica, musical e corporal

- Producción de obras plásticas, musicais e dramáticas que desenvolvan a creatividade.
- Descubrimento dalgúns dos elementos da linguaxe plástica: liñas, formas, texturas...
- Experimentación con distintos materiais e útiles da linguaxe plástica.
- Achegamento a obras artísticas de diferentes autores para expresar as emocións que suscitan
- Planificación da execución dunha obra plástica e valoración do resultado
- Exploración das posibilidades sonoras dalgúns instrumentos musicais e do propio corpo
- Interpretación de cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Audición de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas.
- Uso das posibilidades expresivas do corpo para manifestar sentimentos e emocións.

Bloque 3:Linguaxe audiovisual e TICS

- Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos.
- Descubrimento do uso das TICS como fonte de información ademáis de fonte de lecer
- Interese polo uso dos medios audiovisuais como medio de expresión
- Aceptación das normas que rexen o uso dos instrumentos tecnolóxicos na aula

4.4 AREA ATENCIÓN EDUCATIVA

- Achegamento aos valores democráticos que rexen a vida na nosa sociedade: non discriminación por razón de sexo, etnia e/ou discapacidade, respecto ás diferenzas, convivencia, dereitos e deberes tolerancia, igualdade nenos/nenas etc
- Valoración dos usos e costumes propios dos compañeiros estranxeiros e/ou doutra etnia.
- Desenvolvemento de actitudes de axuda e colaboración entre os iguais.

4.5 ÁREA DE RELIXIÓN

- Audición de relatos bíblicos para descubrir o valor relixioso que subxace.
- Descrición de elementos e relatos relixiosos cristiáns.
- Expresión de actitudes de amor, ledicia e amizade cos demais.
- Achegamento a Deus como creador de todo
- Identificación da familia de Xesús
- Desenvolvemento de actitudes de xenerosidade e de colaboración nas actividades familiares
- Recoñecemento do significado dos xestos de respecto que manifestan os cristiáns ante as imaxes

5 CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA O CICLO

5.1 ÁREA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Posúe unha imaxe axustada e positiva de si mesm@ reconecendo as súas posibilidades e limitacións.
- Respecta aos compañeiros e calquera outra persoas con discapacidade física e/ou sensorial amosando actitudes de axuda e colaboración
- Manifesta un control progresivo do seu corpo en actividades de motricidade grosa e fina
- Desenvolve hábitos de saúde, hixiene e coidado persoal adecuados
- Ten confianza nas súas posibilidades e esforzase por superar problemas e/ou dificultades
- Desenvólvese con iniciativa e autonomía nas actividades cotiás da aula e nos seus espazos.
- Expresa os seus sentimentos e amósase sensible ante os sentimentos dos demais cunha actitude de apoio e axuda.

5.2 ÁREA: COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Resolve problemas da vida cotiá a partir da experimentación cos obxectos (engadir, quitar, repartir, ordear,...)
- Utiliza adecuadamente nocións espaciais respecto de sí mesm@ e entre obxectos.
- Coñece algunhas características morfolóxicas e funcionais de animais e plantas
- Recoñece o uso dos números en distintas actividades da vida cotiá e no contorno.
- Expresa de forma ordenada a información obtida da exploración dun obxecto.
- Coñece e respeta algúns sinais de identidade doutras culturas presentes no seu medio.

5.3 ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Exprésase correctamente empregando as fórmulas de tratamento axeitadas e respetando as pautas que establecen o intercambio
- Comprende e interpreta distintos tipos de textos: relatos, descrições, informacións de distintos medios de comunicación
- Iníciase no uso dalgúns instrumentos tecnolóxicos.

- Expresa sentimentos, necesidades, intereses, desexos... mediante as distintas linguaxes: plástica, corporal, musical e audiovisual.
- Utiliza a biblioteca como recurso lúdico e informativo tendo en conta as súas normas de funcionamento
- Valora a funcionalidade da lectura e da escritura como medios de comunicación, de información e de disfrute.
- Iníciase no coñecemento da linguaxe escrita a través de palabras e frases moi significativas e funcionais.
- Participa nas actividades propostas (LE)
- Participa nas rutinas de aula e seguimento das instrucións (LE)

5.4 AREA ATENCIÓN EDUCATIVA

- Amona respecto polas ideas e opinión dos iguais respetando as normas que rexen a convivencia na aula.
- Relaciónase cos compañeiros e compañeiras respetando as súas características propias.

5.5 ÁREA DE RELIXIÓN

- Identifica e valora as celebracións e símbolos da relixión católica

6 METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Tódolos criterios metodolóxicos que debe rexer a práctica educativa nas nosas aulas de infantil orientaranse cara a consecución dunha *aprendizaxe significativa* que lle permita aos nenos e nenas relacionar os seus coñecementos previos cos que, desde as aulas, lles queremos ofrecer. Na educación infantil o principio de globalización é fundamental xa que se traballan as tres áreas en conxunto: área de coñecemento de si mesmo e autonomía persoal, área do coñecemento do contorno e área de linguaxes: comunicación e representación.

Para que esa aprendizaxe se produza buscaremos que o proceso de aprendizaxe se desenvolva nun ambiente acolledor e seguro, cun clima de afecto e confianza.

A xornada escolar estará distribuída en momentos de traballo, xogo, descanso...de forma flexible e onde as rutinas terán un papel moi importante xa que consideramos que éstas potencian a consecución de hábitos e a adquisición de nocións temporais que achegan ao alumnado seguridade e estabilidade (especialmente aos máis pequenos).

Os nenos e as nenas teñen que descubrir cales son as súas posibilidades na súa interacción co medio; por iso, correspóndelle ao profesor o deseño dun ambiente rico de estímulos que favorezan a actividade espontánea do alumno, é dicir, darlle a oportunidade de: expresar sentimentos e ideas oralmente e, sobre todo as súas dúbidas que se poderán ser o inicio dun *proxecto* para desenvolver paralelamente e complementariamente cos materiais editoriais seleccionados. Esta forma de traballar expónse explícitamente no novo currículo como unha das mellores estratexias metodolóxicas encamiñada ao logro da competencia aprender a aprender. Neste tipo de metodoloxía intervén todo o alumnado na formulación de hipótesis, na argumentación de ideas e explicacións, etc. O pasado ano comezamos a funcionar con esta metodoloxía baseada no traballo por proxectos. Este ano continuamos traballando deste xeito, xa que estamos moi satisfeitos cos resultados obtidos. A implicación das familias foi óptima, a motivación dos nenos mellorou de xeito significativa, estes aspectos fannos seguir apostando por esta forma de traballo.

7 CRITERIOS E RECURSOS DIDÁCTICOS BÁSICOS

No material simbólico e manipulativo temos en conta os irrenunciabes criterios de seguridade e consideramos outros como a durabilidade e a versatilidade dos xogos pero a nosa limitación presupostaria condiciona moitas veces estes dous últimos criterios. O material escolar nesta etapa educativa ten moito desgaste en especial en grupos tan numerosos como os nosos e non sempre dispoñemos dun orzamento suficiente para a súa renovación e/ou reposición.

No material editorial e literario procuramos que as imaxes e tipografías se aproximen, estéticamente, aos gustos dos nenos e nenas e que se mesturen imaxes con fotografías reais. Tamén buscamos que as fichas non sexan “pechadas” cunha única forma de resolvelas senón que se poidan adaptar aos distintos estilos e niveis de aprendizaxe do noso alumnado.

No material audiovisual temos en conta a súa calidade da información que achega e a maneira de facer chegar aos nenos e a súa adecuación aos diferentes cursos deste 2º ciclo de Ed. Infantil.

Material simbólico: bonecos, utensilios de cociña, de aseo,...

Material manipulativo: construcións, encaixables, quebracabezas,...

Material audiovisual: ordenador, contos, láminas, fotografías, DVD, encerado dixital interactivo,...

Material lóxico-matemático: quebracabezas, dominó, ábaco...

Material funxible: papeis para rachar, pregar, enrugar, etc; gomets, pegamento

Material de refugallo: caixas de cartón, botellas de plástico, vasos de iogur,...

Material plástico: ceras, rotuladores, plastilina, pintura de dedos, pinceis, esponxas,...

Material editorial: Mis letras (5 anos) da Editorial Santillana. Grafomotricidade (3 anos) e Primeros Pasos (3, 4 e 5 anos) da Editorial Edelvives.

8 ESPAZOS

As aulas son amplas e luminosas pero están situadas na primeira planta. Esta ubicación dificulta moito os desprazamentos dos nosos alumnos tanto nas entradas e saídas como á hora de saír ao recreo e ao ter grupos tan numerosos o risco de caídas e tropezoños elévase. Ademáis das aulas do grupo-clase contamos cunha aula na que as mestras de Inglés e Relixión imparten as súas especialidades.

Non contamos con servizos dentro das aulas. Esta circunstancia fai que os nenos e nenas non poidan ser controlados e/ou axudados se o precisan e o risco de que se mollen e/ou esvaren aumente. Ademáis o número de inodoros por neno é claramente insuficiente especialmente ás horas de máxima afluencia: antes de merendar e despois do recreo, polo que temos que repartirnos empregando os servizos da pranta baixa.

O patio de recreo é amplo pero o firme non é liso nin absorbe a auga nos días de chuvia. Os charcos e o barro que se forma na zona das árbores provoca que os nenos se manchen e se mollen. As raíces das árbores están a levantar o pavimento do noso patio do recreo.

9 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A observación sistemática será o principal instrumento de avaliación en toda a etapa da educación infantil. Ademáis, moi ocasionalmente, recolleránse datos de probas individuais (debuxos, fichas de trazo para ver a súa evolución, escritura espontánea, etc.) para, ante o elevado número de alumnos, garantir que tod@s el@s sexan avaliados en todos os criterios seleccionados na presente programación.

10 MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTER UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

O carácter non obrigatorio da Ed. Infantil e a relevancia do desenvolvemento físico-biolóxico do noso alumnado para a adquisición das diferentes aprendizaxes obriga ao profesorado da Ed Infantil a avaliar con certa flexibilidade e de forma individualizada atendendo aos progresos do propio neno. A solicitude de non promoción dun alumno quedará relegada para aqueles casos nos que algún tipo de discapacidade e/ou necesidade do alumno lle impida ser avaliado positivamente nos seguintes criterios:

- Manifesta un control progresivo do seu corpo en actividades de motricidade grossa e fina
- Desenvolve hábitos de saúde, hixiene e coidado persoal axeitados.
- Desenvólvese con iniciativa e autonomía nas actividades cotiás da aula e nos seus espazos.
- Expresa oralmente sentimentos, necesidades, intereses e desexos.
- Progresa na adquisición de novas aprendizaxes e é quen de expresar oralmente os seus coñecementos en relación a un contido.

11 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Segundo se contemplan nos criterios do DO os primeiros en ser atendidos serán aqueles que teñan una discapacidade diagnosticada (nee) e despois todos aqueles outros que por diversas circunstancias (inmigración, familias desestruturadas, absentismo escolar,...) teñan dificultades para seguir a programación do nivel que por idade lle correspondería. Ademáis disto desde o equipo de Ed. Infantil prestaremos especial atención a aqueles que presentan diferenzas xa sexan en niveis madurativos coma sociais ou culturais pero que non teñen que ver con ningún tipo de discapacidade. Algunhas destas medidas serán:

- Organizar co profesor de apoio (sempre que sexa posible) grupos flexibles para traballar determinados conceptos para os nenos que o necesiten e a iniciación en actividades que entrañen algún risco ou dificultade.

- Realizar as actividades con diversos graos de realización (reforzo e/ou ampliación)
- Un mesmo contido traballarase a través de diversas actividades e con distintos soportes e/ou materiais
- Para resolver as actividades faremos diversos agrupamentos: gran grupo, pequeno grupo e de forma individual.

12 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Solicitaráanse as que se consideren oportunas entre as propostas polo Concello a través do programa Descubrir Coruña¹ e por outros organismos, institucións ou administracións, dando prioridade as relacionadas coa linguaxe expresiva e musical.

13 CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Todas as actuacións do centro iran encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos adecuados para convivir mellor, previr e crear actitudes positivas cara os demais (tolerancia, respecto,...) e resolver conflitos a través do diálogo.

Na vida diaria do colexio non hai grandes problemas, todo se limita a algún pequeno conflito propio da idade dos nenos, que se resolve sen maior dificultade co diálogo e ás veces con algunha medida correctiva, das que tanto os pais como os alumnos teñen coñecemento previamente. Sempre que é posible informárase aos pais o mesmo día do conflito co obxecto de que os nenos reciban orientacións similares na casa e na escola.

Dentro das nosa aulas fomentamos que o noso alumnado:

- Empregue as fórmulas sociais de cortesía. Saudamos sempre, pedimos as cousas por favor e damos as grazas.
- Respecte a quenda de palabra.
- Escoite aos demais cando falan.
- Fale sen berrar.

¹ Ao remate da elaboración desta programación non temos no noso poder o libro do programa Coruña Educa 2014-2015 polo que non podemos sinalar as actividades concretas que imos solicitar. Quedarán incluídas na PXA.

- Acepte aos compañeiros coas súas discapacidades.
- Non discrimine a ninguén por sexo/raza...

Todos os pais estarán informados das normas de convivencia do centro (folleto) e da aula (reunión de pais) e cos nenos traballaremos todos os días as normas para conseguir unha boa convivencia dentro e fóra da aula.

14 CONCRECIÓN DO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

As titoras e a especialista de inglés farán uso dos materiais audiovisuais tantas veces o consideren necesario para traballar cos seus alumnos os contidos da súa programación en soporte audiovisual para que, por parellas, en grupos pequenos, etc. os nenos poidan traballar con este tipo de recursos.

Imos continuar o traballo no blogue no que amosaremos e compartiremos as nosas experiencias, actividades, saídas, etc. con toda a comunidade educativa.

O PC -e outros aparatos- son concebidos e utilizados como ferramentas de traballo e os alumnos aprenden a utilizalo con naturalidade dende o comezo da escolaridade. Pouco a pouco van adquirindo dominio no manexo aprendendo entre iguais.

Os OBXECTIVOS XERAIS referentes ao alumnado son:

- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación cos seus semellantes.
- Utilizar programas e contornos que faciliten a súa aprendizaxe das diferentes áreas do Currículo, así como favorecer a adquisición de habilidades e destrezas.

15 CONCRECIÓN DO PLAN DE PLURILINGUISMO

A lingua do material escrito do noso alumnado é o castelán en todo o ciclo de Educación Infantil. As unidades didácticas, sobre distintas temáticas, que traballaremos ao longo do curso serán en lingua galega.

O obxectivo primordial dos nosos proxectos é que todos asuman as dúas linguas como propias. Trátase de que, ao finalizar a escolaridade, dominen con soltura e calidade ambas linguas, aínda que adoiten como máis usual aquela que por factores afectivo-emocionais, familiares, ambientais, etc., sexa máis significativa para eles.

De cara ao traballo diario cos rapaces, formulamos os seguintes obxectivos para este curso:

- Intentar co traballo diario da aula que os nosos alumnos/as valoren por igual as dúas linguas oficiais e comprendan os beneficios de coñecelas e utilízalas (e o mesmo coa lingua estranxeira) como medio de expresarse e compartir vivencias, ideas...cos outros.
- Procurar do xeito máis normal e natural que os rapaces/as se desinhiban no uso da súa segunda lingua e máis da lingua estranxeira.
- Traballar ao longo de todo o curso para que os nenos/as sexan capaces de diferenciar as dúas linguas evitando interferencias lingüísticas.

Para acadar estes obxectivos formularemos a conveniencia de realizar actividades do tipo das seguintes:

- Realizar a conversa posterior ao tempo diario da lectura na mesma lingua empregada no conto lido ese día.
- Utilizar algunhas das rutinas diarias, coma poñer a data e o tempo que vai cada día, para darlle naturalidade ao emprego das dúas linguas oficiais e da estranxeira.
- Utilizar o traballo da aula para fomentar o uso das tres linguas a través da búsqueda de información, da realización de distintas actividades ou da conversa e posta en común de ideas.
 - Lectura e dramatización de contos.
 - Comprensión e expresión oral no momento diario da asemblea.
 - Memorización de poesías, cancións e retahílas.
 - Participación nas celebracións do centro promovidas desde o EDLG.

16 CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN

- Grao de cumprimento dos obxectivos
- Inclusión de obxectivos que non tiñamos planificados e que xurdiron ao longo da xornada escolar
- Foi correcta ou non a secuenciación dos contidos entre os niveis
- Grao de consecución de avaliacións positivas do alumnado
- Cumplimento da temporalización
- Especial atención á programación da área de Atención Educativa por non ter un referente legal no currículo de Infantil
- A relación coas familias
- A relación con outros membros do equipo docente